

MANIFESTO DAS UNIVERSIDADES EN FAVOR DAS LINGUAS COOFICIAIS

As universidades asinantes manifestamos o noso apoio á petición formulada polo Goberno de España ante o Consello da Unión Europea para o recoñecemento do catalán, o éuscaro e o galego como linguas oficiais da Unión Europea. Os territorios onde estas linguas son cooficiais representan o 40 % da poboación do Estado español e entre as tres contan con máis de 12 millóns de falantes activos, por riba da media do resto das linguas oficiais da UE. As universidades asinantes levan a cabo as súas actividades académicas e científicas e a súa xestión diaria nestas linguas propias, en convivencia co castelán, así como con outras linguas oficiais da UE, especialmente o inglés.

Consideramos que a oficialidade das nosas linguas propias por parte do Consello da UE supón un recoñecemento da diversidade propia da unión, así como dos dereitos lingüísticos e de liberdade académica e de creación científica específicos do ámbito universitario.

Agradecemos o esforzo que actualmente está realizando o Goberno de España ante o Consello da UE para a inclusión do catalán, o éuscaro e o galego no artigo 1 do Regulamento do Consello. Pedimos a todos os representantes políticos do Estado español que apoien esta iniciativa en sintonía coas universidades e co amplio consenso social que a cuestión lingüística representa.

***Universidades asinantes:**

Xarxa Vives (Països Catalans)

- Universitat Abat Oliba CEU
- Universitat d'Alacant
- Universitat d'Andorra
- Universitat Autònoma de Barcelona (UAB)
- Universitat de Barcelona
- Universitat Cardenal Herrera (CEU)
- Universitat de Girona
- Universitat de les Illes Balears
- Universitat Internacional de Catalunya (UIC Barcelona)
- Universitat Jaume I (UJI)
- Universitat de Lleida
- Universitas Miguel Hernández (UMH)
- Universitat Oberta de Catalunya (UOC)
- Universitat de Perpinyà Via Domècia
- Universitat Politècnica de Catalunya (UPC)
- Universitat Politècnica de València (UPV)



Universitat Pompeu Fabra (UPF)
Universitat Ramon Llull
Universitat Rovira i Virgili
l'Università di Sassari (UNISS)
Universitat de València
Universitat de Vic - Universitat Central de Catalunya (UVic-UCC)

Galicia

Universidade de Santiago de Compostela (USC)

Navarra

Universidad Pública de Navarra (UPNA)

CAV

Euskal Herriko Unibertsitatea / Universidad del País Vasco (EHU)
Universidad de Deusto
Mondragon Unibertsitatea
Universidad EUNEIZ